DEFINICIÓNS TEMA 1 A TERRA

**UNIVERSO**: todo o que existe físicamente, a totalidade do espazo e do tempo

**ATMOSFERA:**É a capa gasosa que envolve a Terra..

**ECLIPSE** : Ocultación total ou parcial dun astro por interposición doutro de xeito momentáneo. Os eclipses poden ser lunares ou solares.

**HEMISFERIO:** Cada unha das metades nas que se divide a Terra. No hemisferio norte atópanse a maioría dos continentes mentres que no hemisferio sur predominan os océanos.

.

**MERIDIANOS:** Semicírculos imaxinarios que van de polo a polo. O meridiano de referencia é o de Greenwich.

**PARALELOS:** Círculos imaxinarios perpendiculares aoeixo terrestre. O ecuador é o que empregamos como referencia.

**ECUADOR**: É a liña imaxinaria que divide a Terra pola súa parte máis ancha en dous: o hemisferio norte e o hemisferio sur. Tamén se coñece co nome de paralelo orixinario ou paralelo 0º.

**FUSO HORARIO :**Cada unha das vinte e catro áreas nas que se dividiu a Terra para un mellor aproveitamento da luz solar. Os fusos horarios adáptanse ás fronteiras dos países, por iso teñen forma irregular.

**MAPA:** É una representación plana dunha parte ou do total da superficie terrestre

**UNIVERSO:** todo o que existe físicamente, a totalidade do espazo e do tempo

**RELEVO:** refírese ao conxunto das diferentes formas que adopta a superficie da Terra

**HIDROSFERA:**É a parte líquida da Terra. Componse de océanos, mares, lagos, xeos e augas subterráneas